

PREGUNTA DE AER SOBRE A CREACIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DA CULTURA. (Rex. Entrada 05.09.2017, 2017-E-RPLN-3).

PLENO 06 NOVIEMBRE DE 2017. ACTA 09/2017

Corresponde a rexistro presentado o 02/08/2017 e non contestado.

AER ten entre as súas demandas a creación dun Consello Municipal da Cultura. Esta petición fora recollida no seu día polo anterior Concelleiro de Cultura amosado a súa intención de levalo a cabo.

Preguntamos: Poderían informar acerca do estado actual e dos vindeiros pasos para a creación do Consello Municipal da Cultura de Redondela, de carácter consultivo con capacidade para:

- ***Establecer liñas de actuación no eido cultural.***
- ***Participar na elaboración do orzamento anual para Cultura. ”***

A sra. Paris Blanco estima que non e oportuno levalo adiante agora porque a cultura , as asociacións, colectivos e as actividades teñen unha vida e dinamismo que funcionan por se mesmo. Por outra banda sinala que e a creacion deste órgano esta reglamentado e deben representar a todos os grupos e plantexar estratexias. Engade que é precisamente na area da cultura onde a presenza política debe ser minima xa que ven dada a traves do tecido asociativo e o segmento cultural e social.